



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 12 de novembro de 2020 (899/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte minutos do día doce de novembro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(945).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 3 de novembro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 5 de novembro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(946).- PROPOSTA DE SUBSTITUCIÓN DO SERVIZO XESTOR DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6632/440.**

Dáse conta do informe-proposta do 09/11/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a titular da Asesoría Xurídica e o Interventor Xeral, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do concello de vigo(PPT).

## ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 22 de febreiro de 2018, acordou a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada, do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo.

2.- En data 27 de setembro de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou adjudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, SL os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (expte 4799-440).

3.- En data 11 de outubro de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou adjudicar a SAGRES, SL, o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (expte 4799-440).

4.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2020 se aprobou a prórroga dun ano de duración do CONTRATO DO SUMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, no relativo a adjudicación dos lotes Nº 1 "Calzado", Lote Nº 2 "Prendas ou elementos de uniformidade xeral" e Lote nº 3 "Roupa de traballo coa condición de EPIs", adjudicados a mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., polo período dun ano, comprendido dende o 31 de outubro de 2020 ata o 30 de outubro de 2021.

5.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2020, se aprobou a prórroga dun ano de duración do CONTRATO CORRESPONDENTE AO LOTE Nº4 "PRENDAS OU ELEMENTOS UNIFORMIDADE ESPECIFICA DA POLICÍA LOCAL", DO EXPTE 4.799/440 PARA O SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO



## Concello de Vigo

CONCELLO DE VIGO formalizado coa mercantil SAGRES SL – PARTENON, polo período dun ano, comprendido dende o 9 de novembro de 2020 ata o 8 de novembro de 2021.

6.- En data 15 de outubro de 2020, o xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe da Área de Inversións co conforme do concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, emiten o seguinte informe proposta:

*“ A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 22 de febreiro de 2018, acordou a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada, do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo, e así mesmo aprobou o Prego de cláusulas administrativas definitivo asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o 20 de febreiro de 2018.*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 27 de setembro de 2018 acordou “Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. os lotes; Lote 1 “Calzado”, Lote 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral” e Lote 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIs” do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440)*

*Con data 30 de outubro de 2018 o Concello de Vigo formalizou o contrato coa mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., polo cal o prazo deste contrato finaliza o vindeiro 30 de outubro do ano 2020.*

*A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2018, e en base a corrección de erros aprobada pola XGL de data 27 de decembro de 2018, acordouse a adxudicación do lote nº 4.*

*“Adxudicar a SAGRES, S.L. o lote 4 “Prendas ou elementos uniformidade específica da Policía Local” do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440).*

*Con data 8 de novembro de 2018 o Concello de Vigo formalizou o contrato coa mercantil SAGRES, S.L., polo cal o prazo deste contrato finaliza o vindeiro 8 de novembro do ano 2020.*

*De acordo co PCAP, o servizo xestor deste expediente é a Área de Servizos Xerais, polo cal atendendo ao obxecto do mesmo (subministro de vestiario para o persoal dos distintos servizos do Concello de Vigo) e de acordo a vixente resolución do Alcalde sobre a delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados y delegadas, así como a estruturación das áreas executivas e a atribución das competencias, correspóndelle a Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal as competencias en materia de Réxime Interior e Recursos humanos, polo cal tendo en conta o obxecto do presente expediente, considerase oportuno proceder a adecuar a responsabilidade de execución do expediente a Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.*

*Neste caso, a solicitude de cambio do servizo xestor afecta unicamente a un aspecto organizativo da propia administración municipal, polo cal non ten ningunha incidencia nas condicións esenciais da licitación nin da propia adxudicación.*

*Polo exposto, dáse traslado ao Servizo de Contratación desta proposta, co fin de proceder o inicio do expediente conducente a modificar o servizo xesto do citado expediente, pasando o servizo xestor da Area de Servizos Xerais a “Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal”.*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Lexislación aplicable**

En primeiro lugar, resulta preciso determinar a lexislación aplicable a este cambio. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

En virtude do citado precepto e, tendo en conta que as adxudicacións do contrato efectuáronse con posterioridade, é aplicable a Lei 9/2017 (acordo da XGL de 27 de setembro de 2018 e acordo da XGL de 11 de outubro de 2018 )

**-II-**

### **Do servizo xestor e do responsable do contrato**

O artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público dispón que “Con independencia da unidade encargada do seguimento e da execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela.”

Neste senso, a cláusula 1 do PCAP determina que:

*“(…) 2.- O servizo xestor do expediente é o designado no apartado 1.B das Follas de Especificación do Contrato (en adiante FEC).*

*3.- O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 52 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP) será fixado no apartado 1.C da FEC ou será nomeado pola Xunta de Goberno Local no acordo de aprobación do expediente. Se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual.(…)”*



## Concello de Vigo

Segundo o apartado 1 das Follas de especificacións do contrato (en adiante FEC) determina que o Servizo xestor é a área de Servizos Xerais (subapartado B) e o responsable do contrato será nomeado pola Xunta de Goberno Local no acordo de adxudicación (subapartado C).

No Decreto de modificación de delegacións de competencias do Alcalde nos Concelleiros de data 17 de agosto de 2020 atribúese á Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal as competencias municipais en materia de Empresa, Economía e Organización municipal, nesta última, sinaladamente, en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación. Así como en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas os Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito ao mesmo, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público.

No informe da Área de Servizos xerais de data 15 de outubro de 2020 se sinala que: *“ De acordo co PCAP, o servizo xestor deste expediente é a Área de Servizos Xerais, polo cal atendendo ao obxecto do mesmo (subministro de vestiario para o persoal dos distintos servizos do Concello de Vigo) e de acordo a vixente resolución do Alcalde sobre a delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados y delegadas, así como a estruturación das áreas executivas e a atribución das competencias, correspóndelle a Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal as competencias en materia de Réxime Interior e Recursos humanos, polo cal tendo en conta o obxecto do presente expediente, considerase oportuno proceder a adecuar a responsabilidade de execución do expediente a Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.”*

O cambio no servizo xestor baséase no Decreto de modificación de delegacións de competencias do Alcalde nos Concelleiros de data data 17 de agosto de 2020 polo que se atribúe á Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, as competencias en materia de Réxime Interior e Recursos humanos.

Dito cambio, tal e como se sinala no informe da Área de Servizos Xerais, afecta unicamente a un aspecto organizativo da propia administración municipal, polo cal non ten ningunha incidencia nas condicións esenciais da licitación nin da propia adxudicación.

Con respecto ao responsable do contrato, tal e como se sinala na cláusula 1 do PCAP, se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación, sen que este cambio teña consideración de modificación contractual.

A Xunta de Goberno Local en data 6 de xullo de 2017 acordou aprobar o documento de instrucións para a planificación da contratación municipal (expediente 5949/241) no que se establece que nos contratos que carecen de responsable do contrato, noméase responsable aos xefes da área ou, no seu defecto, do servizo xestor.

Á vista do exposto, procede a substitución do servizo xestor Área de Servizos Xerais pola Área de Recursos Humanos e Formación e a substitución da unidade tramitadora GE0000611 VIAS E OBRAS por GE0000673 PERSOAL.

- III-

### Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP)

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Aprobar a substitución do servizo xestor Área de Servizos Xerais pola Área de Recursos Humanos e Formación e, a substitución da unidade tramitadora GE0000611 VIAS E OBRAS por GE0000673 PERSOAL, do contrato de subministro de vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (expediente 4799-440)*

*2º.- O servizo xestor deberá designar un responsable do contrato de conformidade co procedemento previsto na cláusula 1 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato do subministro de vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo (expediente 4799-440) e, no seu defecto, será responsable do contrato á xefatura de Área ou servizo xestor consonte co documento de instrucións para a planificación da contratación municipal (expediente 5949/241) aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 6 de xullo de 2017.*

*3º.- Notificar o presente acordo á xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación e aos contratistas PEYCAR PONTEVEDRA, SL e SAGRES, SL.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(947).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTA A CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO ORIENTADAS Á CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE BÉISBOL NA CIDADE DE VIGO. EXP-TE. 19398/333.**

Visto o informe xurídico do 05/11/2020 e o informe de fiscalización do 06/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 03/11/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

Con data 14/01/2020, o Concelleiro de deportes deu orde de iniciar un expediente conducente á redacción e aprobación das bases e convocatoria orientadas á construción dun campo de béisbol na cidade de Vigo.

O 21/02/2020, o xefe do servizo de deportes-director deportivo, redactou o informe-proposta conducente ó desenvolvemento das bases e a dita convocatoria de subvencións. Dita pro-



## Concello de Vigo

posta foi asinada polos Concelleiros de deportes e Orzamentos e Facenda, informada xuridicamente de conformidade o 24/02/2020 e fiscalizada con data 26/02/2020.

A proposta foi aprobada na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 06/03/2020.

Con data 05/06/2020, foron publicadas no BOP as Bases da Convocatoria e con data 17/06/2020 publicouse no BOP o extracto da mesma.

Unha vez finalizado o prazo de 20 días naturais establecido para a presentación de solicitudes na base 10ª da convocatoria, constatouse a ausencia de solicitantes.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Declarar deserta a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro destinadas á construción dun campo de béisbol na cidade de Vigo.

**SEGUNDO:** Deixar sen efecto a autorización de gasto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(948).- PROXECTO DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN, RESTAURACIÓN, DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE TITULARIDADE ECLESIAÍSTICA SITO NO ÁMBITO MUNICIPAL. EXPTE. 2322/150.**

Visto o informes xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 09/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 09/11/2020, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro-delegada de Área, que di o seguinte:

O artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, 111 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) contempla que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

O Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española e no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre ensinanza e asuntos culturais, de 3 de xaneiro de 1979. De feito, este último recolle a vontade da Igrexa de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, concertando co Estado as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes a fin de preservar e dar a coñecer e catalogar o patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo e de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas.

O Concello de Vigo e a Diocese Tui Vigo teñen interese en promover unha serie de actuacións destinadas á conservación e restauración dos bens mobles e inmoables de titularidade eclesiástica e en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural radicado no noso municipio que se instrumentalizará mediante un convenio marco e posteriores convenios para cada unha das actuacións específicas.

En data 02.09.2019 por Resolución da Alcaldía delegouse no concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, a dirección e xestión da proxecto << Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal>> inclusive as facultades de emitir actos que afecten a terceiros e a formalización do convenio marco e convenios específicos.

En data 25 de agosto de 2020 incoouse expediente de aprobación do CONVENIO MARCO PARA A COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no termo municipal de Vigo.

No expediente consta memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O convenio marco proposto fixa uns compromisos iniciais entre os asinantes e que posteriormente darán lugar á subscripción de convenios específicos que concreten os compromisos iniciais polo que a aprobación do convenio non marco non implica gasto.

O órgano competente para aprobación do convenio marco corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior de data 17.08.2020 reservándose conforme ditas resolucións a sinatura do mesmo á Alcaldía, á vista da relevancia institucional do convenio marco en base ao cal se establece para un prazo de catro anos as bases de colaboración entre o Concello e Diocese de Tui-Vigo.





## Concello de Vigo

Polo exposto, previo informe xurídico, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do CONVENIO MARCO PARA A COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR PARA O MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN, RESTAURACIÓN, DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DEL PATRIMONIO CULTURAL TITULARIDADE ECLESIAÍSTICA SITO NO ÁMBITO MUNICIPAL que se transcribe como anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### ANEXO I

CONVENIO MARCO PARA A COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR PARA O MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN, RESTAURACIÓN, DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DEL PATRIMONIO CULTURAL TITULARIDADE ECLESIAÍSTICA SITO NO ÁMBITO MUNICIPAL

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte

#### REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo ( LALGA), e 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, (LRBRL).

Doutra parte, D. Luis Quintero Fiuza, bispo de Tui-Vigo, con DNI 33184670V, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento pontificio con data 28 de xaneiro de 2010, cargo do que tomou posesión o 24 de abril do mesmo ano, non revocado nin caducado. En diante "Diocese"

E, Dna. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal por delegación da Secretaria de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2019 , aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

## MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a ) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio e Distritos, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III.- Que resultando de interese para ambas partes, consideran oportuno formalizar o presente convenio co obxectivo de promover unha serie de actuacións destinadas á conservación e restauración dos bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica, en prol da protección do patrimonio cultural, seguindo as directrices da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, así como promover e coordinar a realización conxunta de diferentes actividades a fin de lograr unha máis eficiente e mellor utilización de medios económicos, técnicos e contribuír ao fomento e ao coñecemento do patrimonio cultural permitindo o uso de ditos bens para fins culturais e de lecer, sempre que sexan compatibles e respectuosos coa natureza e finalidade relixiosa dos mesmos, e sen interferir nos seus horarios de culto.

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio marco de actuación e formalízano con arranxo ás seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRO.- OBXECTO

A finalidade que se persigue co presente convenio é establecer un marco adecuado de cooperación que favoreza e axilice as accións de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo dirixidas ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica radicados no municipio.



## Concello de Vigo

### SEGUNDO.- OBRIGAS DAS PARTES.-

Para a consecución do obxecto do presente convenio as partes asinantes comprométese coas obrigas que a continuación se indica,

Polo Concello de Vigo

a) No prazo de vixencia do presente convenio, o Concello de Vigo, en aras da protección do patrimonio cultural radicado no termo municipal, comprométese a contribuír ao financiamento das actuacións destinadas ao mantemento, conservación e restauración de distintos bens, mobles e inmobles de titularidade eclesiástica no termo municipal de Vigo dentro dos límites das dispoñibilidades de crédito previstas na partida 780 0010 subvencións patrimonio histórico artístico relixioso dos orzamentos municipais e do cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

b) A tramitación e formalización dos convenios específicos para cada unha das actuacións que a Comisión de Seguimento propoña executar.

c) Propoñer a realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural comprometéndose o Concello a realizar as labores de limpeza e acondicionamento dos espazos que para tal fin sexan necesarias en atención ao seu estado de conservación.

A Diocese de Tui – Vigo:

a) Propoñerá as actuacións que fose necesario acometer nos seus bens catalogados situados no Concello de Vigo, precisando as obras de conservación e restauración nos seus mobles e inmobles en fachadas, cubertas, atrios e aquelas intervencións en elementos arquitectónicos singulares e ornamentais, interiores ou exteriores, de especial valor histórico-artístico, que serán valoradas pola Comisión de Seguimento.

b) Ceder o uso dos espazos públicos para que sexan necesarios para realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural titularidade da Diocese de Tui – Vigo promovidas polo Concello de Vigo. Ditos espazos se cederán sempre e cando non interfiran con actividades relixiosas, e só para actividades culturais e participativas respectuosas coa fe e a moral católicas.

### TERCEIRO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.-

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

1.- Estudar e valorar as propostas de actuación remitidas polas partes:

- a) A selección das actuacións obxecto do presente convenio axustarase a un criterio de prioridades no que haberán de primar as obras necesarias de conservación construtiva dos inmobles sobre o resto das intervencións en elementos ornamentais.

- b) A selección das actuacións atenderá a facilitar a utilización conxunta de medios, contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública, con pleno respecto ao cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2.- Resolver as dúbidas de interpretación que poidan derivarse das cláusulas deste convenio para o bo desenvolvemento do mesmo.

3.- Efectuar o seguimento dos procedementos administrativos tramitados en desenvolvemento deste convenio.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións e asistirá as reunións con voz e sen voto.

#### CUARTO.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración terá un prazo de vixencia de tres anos (2020-2023) dende o data da súa sinatura.

#### QUINTO.- RESOLUCIÓN

O convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
4. Por denuncia dalgunha delas, que deberá ser comunicada cun preaviso de tres meses.

No suposto de extinción do convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro desta seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

#### SEXTO. - XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

#### **5(949).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE “SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO”. EXPTE. 17466/77.**

Visto o informe de fiscalización do 6/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 09/11/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 27 de agosto de 2020 aprobouse a “Convocatoria e as bases reguladoras das **“SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO”**”.

Con data 10 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local aprobou a corrección do erro material o erro material advertido no apartado Quinto da Convocatoria das Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 27 de agosto de 2020, para axustar o seu contido ao disposto na Base 4ª reguladora da contía total e crédito orzamentario das subvencións, mantendo inalterados os demais apartados

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 184, do 23 de setembro de 2020 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 188 de data 29/09/2020 así como na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á publicación do extracto no BOP (dende o 30/09/2020 ao 14/10/2020, ámbolos dous inclusive), da que resultou a presentación de dúas (2) solicitudes:

Nº expediente.	Entidade	NIF	Data rexistro solicitude
17679/77	<b>A.E. UVIGO MOTORSPORT</b>	G27809425	09/10/20
17706/77	<b>ASOC. DE INDUSTRIAS METALÚRGICAS DE GALICIA</b>	G36614774	14/10/20

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego, establecen un financiamento por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2020) de 40.000,00 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos invest. relacionados coa innovación”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. Subvencionarase, no caso de que as entidades sen ánimo de lucro solicitantes que cumpran con todos os requisitos esixidos nas bases, os gastos de funcionamento e difusión necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas e que teñan acomodo no obxecto desta convocatoria (custes salariais derivados do persoal contratado e/ou da entidade con cargo á subvención, gastos financeiros e de xestión relacionados coa posta en marcha do proxecto presentado, gastos de difusión, publicidade e de asistencia a eventos, gastos de aluguer de locais e maquinaria...), cun máximo de 15.000,00€.

O concelleiro delegado de Cultura e Emprego, con data **16/10/2020**, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo segunda, apartado 4, cos seguintes membros:

Vogal 1	Carla Candia Paz	Xefa do servizo (Resolución de 23/10/2019)
Vogal 2	Rosa María Otero Malvárez	Técnica de xestión

A Comisión de Valoración con data 19/10/2020, conforme á información que consta no seu poder, realizou a avaliación das solicitudes presentadas co resultado exposto na acta da mesma data, en base á cal, se emitiu o informe proposta de concesión das axudas na mesma data.

Con data 2/11/2020 o servizo de Intervención non fiscaliza o informe de conformidade, xa que, a entidade Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, G36614774 *“supera a porcentaxe do 50% de subcontratación da actividade subvencionada prevista no artigo 29 da Lei xeral de Subvencións para os supostos de ningunha previsión das bases”*.

Á vista do devandito informe de fiscalización de data 2/11/2020, a Comisión de valoración procede novamente á avaliación das solicitudes de subvención co resultado exposto na acta cuxo tenor literal se transcribe:

“...

Conforme á documentación existente no servizo, á vista do informe de fiscalización, procédese a revisar os expedientes, coas seguintes conclusións:

### **1.- Preavaliación das solicitudes e Desestimación.**

Unha vez revisadas as solicitudes de subvención, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias, segundo o indicado na Base 11ª, decídese ESTIMAR a solicitude pola entidade Asociación Estudiantil Uvigo Motorsport (G27809425), xa que, conforme á documentación existente no servizo, se desprende que cumpren cos requisitos establecidos aos solicitantes nas bases da convocatoria para resultar beneficiarios da subvención. e DESESTIMAR a solicitude da Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia (G36614774), por ter superado a porcentaxe do 50 % de subcontratación da actividade subvencionada prevista no artigo 29.2 da Lei xeral de Subvencións para os supostos nos que as bases da convocatoria de subvencións non establezan ningunha previsión ao respecto.

### **2.- Avaliación das solicitudes.**

As puntuacións máximas que se estableceron nesta comisión para a avaliación da solicitude presentada e admitida, conforme ao disposto na Base Décimo Primeira, apartado 1.a)., son as que a continuación se indican:

#### **1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto (ata 20 puntos):**

a-1: Corresponde ao apartado 1.a) Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. A máxima puntuación que se poderá obter é de 10 puntos.



## Concello de Vigo

a-2: Corresponde ao apartado 1.a) Que baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico laboral e, que teñan viabilidade técnica. A máxima puntuación que se poderá obter é de 6 puntos.

a-3: Corresponde ao apartado 1.a) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. A máxima puntuación que se poderá obter é de 4 puntos.

A puntuación do apartado “áreas económicas relacionadas co proxecto” é a que se establece na mesma Base Décimo Primeira no seu apartado 2º, isto é:

### 2. Áreas económicas relacionadas co proxecto:

a) Tecnoloxías de comunicación	5 puntos
b) Automoción	5 puntos
c) Industria naval	5 puntos
d) Biotecnoloxía	4 puntos
e) Enerxías renovables	4 puntos
f) Outras áreas e/ou sectores	2 puntos
g) Uso da lingua galega no proxecto/s	5 puntos

E a puntuación obtida pola entidade admitida no proceso de baremación nesta convocatoria de subvencións é:

		BAREMO PUNTUACIÓNS BASE 11ª SUBVENCÍONS PROX. INNOVACIÓN, INVESTIGACIÓN E EMPREGO					
		1.- Calidade/viabilidade técnica (máx. 20)			2. Área económica	3. Uso da lingua galega no proxecto	Puntuación Total
CIF	ENTIDADE	a-1	a-2	a-3			
G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORTE	9	4	3	5	0	21

### 3.- A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades.

A distribución económica unha vez avaliada a solicitude da entidade resulta:

CIF	ENTIDADE	Cantidade Solicitada	Puntos	Cantidade asignada 1º reparto	Cantidade Resolución
G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	15.000,00	21	40.000,00	<b>15.000,00</b>
<i>Totais</i>		15.000,00	21,00	40.000,00	15.000,00

Valor punto:	1.904,76 €
--------------	------------

Da contía total destinada a estas subvencións (40.000,00 €), ao terse admitido unha única solicitudes de subvención, formulada por Asociación Estudiantil Uvigo Motorsport (G27809425), obtén, segundo a Base Cuarta b), o importe máximo subvencionable, sen exceder do importe solicitado para o cal se minora a cantidade do primeiro reparto, asignada en función da puntuación obtida no proceso de baremación.

**Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 12.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que a entidade beneficiaria cumpre os requisitos necesarios para acceder ás subvencións..**

...”

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos do establecido na DÉCIMO SEGUNDA das bases reguladoras do procedemento:

5- As solicitudes avaliaranse con arranxo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **catro meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electrónicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen





## Concello de Vigo

**dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**9- Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

11- O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

12- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

13.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio presupostario.

Así mesmo, cómpre rectificar o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na **DÉCIMO TERCEIRA das bases reguladoras do procedemento**, por ser un prazo non iniciado en tanto non se produce o outorgamento das axudas obxecto da presente proposta e aos efectos de que non debeña de imposible cumprimento polos beneficiarios, establecendo o vindeiro **23 de novembro de 2020** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A teor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23 da Lei de Subvencións de Galicia e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e posterior 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

## PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO: CONCEDER**, de conformidade co art. 23.3 da LSG, á entidade que, de seguido, se relaciona, con cargo á partida presupostaria 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos invest. relacionados coa innovación” do vixente exercicio presupostario, pola contía total que se reflicte a seguir:

Nº expte.	Entidade	NIF	Importe Subvención Concedida
17679/77	<b>A.E. UVIGO MOTORSPORT</b>	G27809425	15.000,00€

**SEGUNDO: DESESTIMAR** a solicitude presentada pola Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia (G36614774), a través do documento núm. 200187215 de data 14/10/2020, de conformidade co establecido na Base 11.2 da convocatoria en relación co artigo 29.2 da LXS, en virtude do cal, e en defecto de previsión expresa nas bases da convocatoria, o beneficiario poderá subcontratar a actividade ata unha porcentaxe que non supere o 50 % do importe da actividade subvencionada.

**TERCEIRO: PUBLICAR** na Base de Datos Nacional de Subvencións todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

**CUARTO: RECTIFICAR** o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na **DÉCIMO TERCEIRA das bases reguladoras do procedemento**, a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente acordo non debeña de imposible cumprimento, establecendo o vindeiro **23 de novembro de 2020** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**QUINTO: NOTIFICAR** o presente acordo nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da LPAC e Base reguladora 12ª.8, con indicación expresa de que dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-



## Concello de Vigo

Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(950).- ABOAMENTO DE ASISTENCIAS AOS TRIBUNAIS DE SELECCIÓN DE TRABALLADORES DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA”. EXPTE. 17481/77.**

Visto o informe de fiscalización do 24/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 02/09/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (Resolución do 23/10/2020), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 11 de xuño de 2020, adoptou o acordo de aprobar a “Bases e convocatoira de selección de persoas candidatas a beneficiarias do programa “VIGO EMPREGA” dentro da estratexia “Vigo Vertical”, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (Exp.17209/77).
  - Na base 11 “COMISIÓN DE SELECCIÓN”
    - ...
    - *Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos polo Concelleiro de Cultura e Emprego cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.*
    - *O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.*
    - *Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirse Acta co listado do persoal seleccionado.*
    - *A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal funcionario do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que estime necesario. Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.*
    - *A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concellería de Cultura e Emprego, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

- Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 26 de xuño de 2020, aprobou a "Constitución das comisións de selección de persoas candidatas a beneficiarias "Vigo Emprega" 1ª quenda 2020, dentro do proxecto "Vigo Vertical" \_estratexia EDUSI (Exp. 17315/77) designando para a realización das probas teóricas e prácticas ás seguintes Comisións de Selección:

a) **Comisión 3: Selección de Peóns:**

Presidente	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa servizo
Suplente	José Manuel Martínez González	Funcionario	C1	Capataz
Secretario/a	Patricia González Estévez	Funcionaria	C2	Aux. Administrativo
Suplente	Francisco J. Escudero González	Funcionario	C2	Aux. Administrativo
Vogais	Hector Conde Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios
	J. Manuel Sanmartín Cerqueira	Laboral	E	Axudante
	Miguel Ángel Alonso Alonso	Laboral	C2	Oficial Oficios
Suplentes	Carlos Igrexas Martínez	Laboral	C2	Aux. Servizos Internos
	Guillermo Lorenzo Carrera	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Xavier Rodríguez Fernández	Funcionario	E	Ordenanza Porteiro

b) **Comisión 1: Selección de Capataces:**

Presidente	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa servizo
Suplente	Alfonso Conde Rodríguez	Funcionario	C1	Capataz
Secretario/a	Sonia Mª Pastor Diéguez	Funcionaria	C1	Administrativa
Suplente	Marta del Castillo Fernández Pacheco	Laboral	C1	Administrativa
Vogais	Roberto Mariño Sanromán	Laboral	C1	Capataz
	Francisco Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
	Jose Antonio España Piñeiro,	Funcionario	C1	Inspector
Suplentes	José Manuel Martínez González	Funcionario	C1	Capataz
	Antía Mosquera González	Funcionaria	C1	Administrativa
	Alfonso Alonso Rodríguez	Laboral	C1	Capataz

c) **Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios:**

Presidente	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa servizo
Suplente	Rosa Mª Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Técnica Xestión
Secretario/a	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionario	C1	Administrativa
Suplente	Marta del Castillo Fernández Pacheco	Laboral	C1	Administrativa
Vogais	Jose Antonio Comesaña Davila	Funcionario	C2	Oficial Oficios
	Francisco José García Soto	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Ricardo Soler Vidal	Laboral	C2	Oficial Oficios
Suplentes	Perfecto Riveiro Barbosa	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Mª José Armada Pereira	Laboral	C2	Oficial Oficios
	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial Oficios

d) **Comisión 4: Selección de persoal técnico administrativo (Aux. Administrativo e Técnico FP Prevención de Riscos Laborais):**



## Concello de Vigo

Presidente	Carla Candia Paz	Funcionaria A1	Xefa servizo
Suplente	Yolanda Fajín Torres	Funcionaria A2	Traballadora Social
Secretario/a	Rosa M <sup>a</sup> Otero Malvárez	Funcionario C1	Administrativa
Suplente	M <sup>a</sup> Lorena López Rodríguez	Funcionaria A1	Tec. Admon. Xeral
Vogais	Marta Nuñez Aboy	Funcionaria A2	Tec. Actividades Culturais
	Marta del Castillo Fernández Pacheco	Laboral C1	Administrativa
	Antía Mosquera González	Funcionaria C1	Administrativa
Suplentes	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionaria C1	Administrativa
	Sonia M <sup>a</sup> Pastor Diéguez	Funcionaria C1	Administrativa
	Jose Antonio España Piñeiro,	Funcionario C1	Inspector

Unha vez rematado o proceso selectivo e dacordo coas actas asinadas polas Secretarias e resto dos compoñentes presentes dos Órganos de Selección que foron publicadas na páxina web municipal o no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, determínase a relación de perceptores das devanditas asistencias aos tribunais de selección de PERSOAS CANDIDAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA" 2020 DENTRO DA ESTRATEXIA "VIGO VERTICAL (COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL. EXPTE. 17092-77), que deseguido se relacionan e, polo concepto que se expresa:

### Tribunais:

VIGO EMPREGA_2020			Asistencias					
Membros dos tribunais	DNI	Nome e apelidos	Categoría 2 <sup>a</sup> Capataces	Categoría 3 <sup>a</sup> Oficiais Auxiliares, Peóns	Total	Importe Categoría 2 <sup>a</sup>	Importe Categoría 3 <sup>a</sup>	TOTAL
Presidente/a.	77597450G	Carla Candia Paz	3	13	16	128,49 €	517,14 €	645,63 €
Presidente/a.	36013732X	José Manuel Martínez González	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Presidente/a.	33297554V	Yolanda Fajín Torres	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Presidente/a.	33297554V	Yolanda Fajín Torres	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Secretario/a	53179670J	Francisco J. Escudero González	0	4	4	0,00 €	159,12 €	159,12 €
Secretario/a	50808186J	Lucía Trillo Martín-Pinillos	0	7	7	0,00 €	278,46 €	278,46 €
Secretario/a	36171754E	María Lorena López Rodríguez	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Secretario/a	03893124Y	Marta del Castillo Fernández Pacheco	1	0	1	42,83 €	0,00 €	42,83 €
Secretario/a	36138380K	Marta Nuñez Aboy	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Secretario/a	76965736P	Rosa M <sup>a</sup> Otero Malvárez	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Secretario/a	36087847L	Sonia María Pastor Diéguez	3	0	3	128,49 €	0,00 €	128,49 €
Vogais	36026596V	Alfonso Alonso Rodríguez	3	0	3	119,34 €	0,00 €	119,34 €
Vogais	36159127E	Antía Mosquera González	2	3	5	79,56 €	110,16 €	189,72 €
Vogais	36036909A	Carlos Igrexas Martínez	0	4	4	0,00 €	146,88 €	146,88 €
Vogais	36119786B	Francisco Javier Bea Puentes	2	0	2	79,56 €	0,00 €	79,56 €
Vogais	36029618A	Francisco José García Soto	0	7	7	0,00 €	257,04 €	257,04 €
Vogais	36019910R	Guillermo Lorenzo Carrera	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Vogais	36037654N	José Antonio Comesaña Davila	0	7	7	0,00 €	257,04 €	257,04 €
Vogais	36037970Y	José Antonio España Piñeiro	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Vogais	36013732X	José Manuel Martínez González	1	0	1	39,78 €	0,00 €	39,78 €
Vogais	36128192E	José Manuel Sanmartín Cerqueira	0	4	4	0,00 €	146,88 €	146,88 €
Vogais	36083273E	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Vogais	50808186J	Lucía Trillo Martín-Pinillos	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Vogais	03893124Y	Marta del Castillo Fernández Pacheco	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Vogais	36138380K	Marta Nuñez Aboy	0	2	2	0,00 €	73,44 €	73,44 €
Vogais	36050580N	Miguel Ángel Alonso Alonso	0	4	4	0,00 €	146,88 €	146,88 €
Vogais	36056339N	Perfecto Riveiro Barbosa	0	7	7	0,00 €	257,04 €	257,04 €
Vogais	36037116A	Roberto Mariño Sanromán	3	0	3	119,34 €	0,00 €	119,34 €
Vogais	36087847L	Sonia María Pastor Diéguez	0	3	3	0,00 €	110,16 €	110,16 €
Vogais	34967837V	Xavier Rodríguez Fernández	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €

O importe total dietas tribunais, supón a cantidade de 3.656,63 €

Asesores técnicos:

VIGO EMPREGA_2020			Asistencias					
Asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Categoría 2ª Capataces	Categoría 3ª Oficiais Auxiliares, Peóns	Total	Importe Categoría 2ª	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Asesores especialistas	36026596V	Alfonso Alonso Rodríguez	0	2	2	0,00 €	73,44 €	73,44 €
Asesores especialistas	77409744R	David Graña Feijóo	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36119786B	Francisco Javier Bea Puentes	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	35554361H	José Carlos Castro Regueira	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36025591R	José Luis Vázquez de Francisco	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	76987757H	Juan Alejos Anta	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36091674M	Luis Iglesias Rejas	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36144767Z	Manuel Alonso Areses	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36151531Q	Miguel Ángel Fernández González	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	32430425B	Roberto de la Iglesia Hernández	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36037116 <sup>A</sup>	Roberto Mariño Sanromán	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores técnicos	52492417T	Carlos Juncal Gil	2	8	10	79,56 €	293,76 €	373,32 €
Asesores técnicos	36056400J	Javier Agulla Amorín	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores técnicos	78737463E	Virginia Pereiras Bermejo	1	5	6	39,78 €	183,60 €	223,38 €
Asesores técnicos	36074146A	Xosé Antonio Muiños Acuña	2	7	9	79,56 €	257,04 €	336,60 €

O importe total dietas dos/as asesores técnicos dos tribunais, supón a cantidade de 1.410,66 €

O gasto por importe de **5.067,29 €** (3.656,63 € de compoñentes de tribunais e 1.410,66 € de Asesores Técnicos), abonarase con cargo á aplicación orzamentaria **241.0.233.00.00** de “Dietas tribunais”, resultando necesario consumir crédito da bolsa de vinculación, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

1. Comprometer o gasto de **5.067,29 €**, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria 241.0.233.00.00 de “Dietas tribunais”.



## Concello de Vigo

2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias aos tribunais de selección de 94 traballadores do “PROGRAMA DE EMPREGO “VIGO EMPREGA”, 1ª quenda do 2020:

### Tribunais de selección:

VIGO EMPREGA_2020			Asistencias					
Membros dos tribunais	DNI	Nome e apelidos	Categoría 2ª Capataces	Categoría 3ª Oficiais Auxiliares, Peóns	Total	Importe Categoría 2ª	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Presidente/a.	77597450G	Carla Candia Paz	3	13	16	128,49 €	517,14 €	645,63 €
Presidente/a.	36013732X	José Manuel Martínez González	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Presidente/a.	33297554V	Yolanda Fajín Torres	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Presidente/a.	33297554V	Yolanda Fajín Torres	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Secretario/a	53179670J	Francisco J. Escudero González	0	4	4	0,00 €	159,12 €	159,12 €
Secretario/a	50808186J	Lucía Trillo Martín-Pinillos	0	7	7	0,00 €	278,46 €	278,46 €
Secretario/a	36171754E	María Lorena López Rodríguez	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Secretario/a	03893124Y	Marta del Castillo Fernández Pacheco	1	0	1	42,83 €	0,00 €	42,83 €
Secretario/a	36138380K	Marta Núñez Aboy	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Secretario/a	76965736P	Rosa Mª Otero Malvárez	0	1	1	0,00 €	39,78 €	39,78 €
Secretario/a	36087847L	Sonia María Pastor Diéguez	3	0	3	128,49 €	0,00 €	128,49 €
Vogais	36026596V	Alfonso Alonso Rodríguez	3	0	3	119,34 €	0,00 €	119,34 €
Vogais	36159127E	Antía Mosquera González	2	3	5	79,56 €	110,16 €	189,72 €
Vogais	36036909A	Carlos Igrexas Martínez	0	4	4	0,00 €	146,88 €	146,88 €
Vogais	36119786B	Francisco Javier Bea Puentes	2	0	2	79,56 €	0,00 €	79,56 €
Vogais	36029618A	Francisco José García Soto	0	7	7	0,00 €	257,04 €	257,04 €
Vogais	36019910R	Guillermo Lorenzo Carrera	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Vogais	36037654N	José Antonio Comesaña Davila	0	7	7	0,00 €	257,04 €	257,04 €
Vogais	36037970Y	José Antonio España Piñeiro	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Vogais	36013732X	José Manuel Martínez González	1	0	1	39,78 €	0,00 €	39,78 €
Vogais	36128192E	José Manuel Sanmartín Cerqueira	0	4	4	0,00 €	146,88 €	146,88 €
Vogais	36083273E	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Vogais	50808186J	Lucía Trillo Martín-Pinillos	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Vogais	03893124Y	Marta del Castillo Fernández Pacheco	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Vogais	36138380K	Marta Núñez Aboy	0	2	2	0,00 €	73,44 €	73,44 €
Vogais	36050580N	Miguel Ángel Alonso Alonso	0	4	4	0,00 €	146,88 €	146,88 €
Vogais	36056339N	Perfecto Riveiro Barbosa	0	7	7	0,00 €	257,04 €	257,04 €
Vogais	36037116A	Roberto Mariño Sanromán	3	0	3	119,34 €	0,00 €	119,34 €
Vogais	36087847L	Sonia María Pastor Diéguez	0	3	3	0,00 €	110,16 €	110,16 €
Vogais	34967837V	Xavier Rodríguez Fernández	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €

## Asesores técnicos:

VIGO EMPREGA_2020			Asistencias					
Asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Categoría 2ª Capataces	Categoría 3ª Oficiais Auxiliares, Peóns	Total	Importe Categoría 2ª	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Asesores especialistas	36026596V	Alfonso Alonso Rodríguez	0	2	2	0,00 €	73,44 €	73,44 €
Asesores especialistas	77409744R	David Graña Feijóo	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36119786B	Francisco Javier Bea Puentes	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	35554361H	João Carlos Castro Regueira	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36025591R	José Luis Vázquez de Francisco	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	76987757H	Juan Alejos Anta	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36091674M	Luís Iglesias Rejas	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36144767Z	Manuel Alonso Areses	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36151531Q	Miguel Ángel Fernández González	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	32430425B	Roberto de la Iglesia Hernández	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores especialistas	36037116 <sup>A</sup>	Roberto Mariño Sanromán	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores técnicos	52492417T	Carlos Juncal Gil	2	8	10	79,56 €	293,76 €	373,32 €
Asesores técnicos	36056400J	Javier Agulla Amorín	0	1	1	0,00 €	36,72 €	36,72 €
Asesores técnicos	78737463E	Virginia Pereiras Bermejo	1	5	6	39,78 €	183,60 €	223,38 €
Asesores técnicos	36074146A	Xosé Antonio Muiños Acuña	2	7	9	79,56 €	257,04 €	336,60 €

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 7(951).- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA AS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017, 2018 E 2019. EXPTE. 36409/220.

Dáse conta do informe-proposta do 29/10/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de data 12/03/2020, e previa proposta da Área de RRHH e Formación, de data 10/03/2020, foron aprobadas as Bases Xerais e Específicas reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018, e 2019 (1ª Fase da Convocatoria)-Expte: 34733-220- (BOP nº 128 de 07/07/2020, DOG nº 160 de 11/08/2020, BOE nº 247 de 16/09/2020).





## Concello de Vigo

II.- En data 06/08/2020, o Sr. González Uclés, en representación da Sección Sindical CIG, interpón recurso de reposición contra a citado acordo.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

#### I.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

En canto a lexitimación do recorrente, en tanto que en representación da sección sindical CIG, a resposta a ofrece a Sentencia do Tribunal Supremo de 22 de febreiro de 2016 (recaída en el recurso de casación 4156/2014) en relación coas bases dun proceso selectivo, cando afirma: "*...En efecto, la cuestión de la legitimación de las organizaciones sindicales se debe resolver caso por caso atendiendo a cuál sea el objeto de la impugnación a fin de establecer si está en juego el interés profesional cuya defensa persiguen o si en la actuación cuestionada solamente se manifiestan los particulares intereses de las personas afectadas. Por eso, tratándose de procedimientos selectivos, en los supuestos en que se discuta de la conformidad al ordenamiento de una convocatoria o de sus bases o en aquellos otros en que se perciba una instrumentalización de los procedimientos para fines distintos de los que le son propios, la legitimación de los sindicatos habrá de apreciarse, en principio.*

*En cambio, cuando solamente esté en juego el particular resultado de unas pruebas selectivas, la regla deberá ser la contraria...*"

Polo tanto, no presente caso, discutindo a conformidade ao ordenamento xurídico das bases da convocatoria, é indubidable a lexitimación da recorrente posto que é titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado; prazo respectado polo recorrente, en tanto que o acordo foi publicado no BOP de Pontevedra nº 128 de 07/07/2020, presentando o recurso o día 06/08/2020.

II.- Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### **III.- Alegacións**

Con carácter previo, procederemos a realizar algunhas consideracións con carácter xeral, que son aplicables a todas as alegacións formuladas, moitas das cales están plantexadas mediante impugnacións de carácter xenérico, afirmando que se vulneran todos os principios reitores do acceso a emprego público sen maior fundamentación, para acto seguido tratar de analizar as múltiples alegacións formuladas polo recorrente dunha sola vez para evitar reiteracións innecesarias, xa que logo, en varias ocasións están formuladas por duplicado en relación coas as distintas categorías previstas nas bases específicas.

#### **A) Consideracións xerais:**

1. Partimos de que as bases de calquera convocatoria de acceso á función pública son a lei do concurso e vinculan no so á Administración e aos aspirantes, se non tamén aos tribunais de selección, como ten establecido en numerosas ocasións a xurisprudencia (ex., STS, Sec. 7ª, 22-5-2012).

As bases das convocatorias veñen ordenando o proceso selectivo con un considerable grado de discrecionalidade, permitindo á Administración convocante determinar os requisitos de capacidade para participar no procedemento, elección do sistema de selección, determinación das probas, temarios e méritos a valorar, do sistema de calificación e puntuación mínima de cada proba, o da composición do órgano de selección, entre outras.

2. Por outra banda, non se pode pretender que as bases da convocatoria acoten, determinen e solucionen absolutamente todas as vicisitudes que se poden presentar durante a celebración dun proceso selectivo, sendo absolutamente lexítimo e incluso positivo, certas habilitacións ao órgano de selección no desenvolvemento da súa función calificador. É perfectamente posible, permitir ao órgano referido, certa marxe de manobra á hora de desenvolver a súa función integradora, interpretadora e operativa das bases. Noutras palabras, existen infinitas decisións que non están absolutamente regradas e que quedan baixo a responsabilidade do tribunal calificador.

Así o tribunal calificador conta cunha habilitación de carácter xeral para cuestións de orden (horarios, calendario, formas, chamamentos, disposicións dos aspirantes,...) así como para desenvolver extremos das probas, sempre que se apliquen a todos e non sexan alleas ao mérito e capacidade; o órgano de selección está chamado a establecer os exercicios e a marcar a pauta da súa dureza ou nivel, e o contexto de realización, en tempo, forma e lugar, etc. Todo elo, por suposto con límites como a necesaria observancia do principio de igualdade na súa aplicación a xeneralidade dos aspirantes; o principio de publicidade e transparencia, especialmente no que se refire aos criterios de calificación con anterioridade á realización dos exercicios; a necesaria razoabilidade da decisión adoptada; que non se menoscaban as bases, que non se introduzan novas esixencias, ... en definitiva, o mais escrupuloso respecto aos principios de acceso ao emprego público.



## Concello de Vigo

B) Alega en primeiro lugar, a Base Décima das Xerais, que establece que “Con carácter xeral establécese a oposición libre, agás para as prazas correspondentes a bombeiro e condutor-bombeiro e a quenda de promoción interna, para a cal se establece o sistema do concurso-oposición”, alegando falta de motivación na utilización do sistema de selección das prazas de bombeiros e condutores bombeiros.

Ao respecto, convén lembrar que unha das determinacións fundamentais das bases da convocatoria consiste en elixir o sistema de selección entre os tres contemplados polo ordenamento xurídico.

A oposición libre é un sistema que garanta maior igualdade no acceso á función pública, no senso de que neste caso, todos os aspirantes se atopan nunha mesma posición de igualdade ao inicio das probas, e a selección dependerá exclusivamente do grado de aptitude ou competencia acreditada, dun modo actual e competitivo, no desenvolvemento do proceso. O concurso restrinxe a competitividade do procedemento selectivo, ao limitar a participación no mesmo ás persoas que podan acreditar a posesión dos méritos contemplados nas bases e, ademais, presenta o inconveniente de que a acreditación duns méritos non presupoñen necesariamente acreditar a competencia actual dos aspirantes; ademais de que favorece o deseño de baremos de méritos “ad hoc”, dun determinado candidato.

Pola súa banda, o concurso-oposición une ambos sistemas.

Aínda cando a Lei 30/1984 –artigo 19.1 - non dispuxo preferencia algunha entre os sistemas de concurso, oposición ou concurso-oposición libre para a selección tanto do persoal funcionario como laboral, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, para a Administración do Estado dispuxo que a oposición será o sistema ordinario de ingreso para os funcionarios, salvo cando, pola natureza das funcións a desenvolver, sexa máis axeitada á utilización do concurso-oposición e, excepcionalmente, do concurso –art. 4.1 -. E en relación coa Administración Local, segundo o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño -art. 2 -, o ingreso na función pública local se debe realizar, con carácter xeral, a través do sistema de oposición, salvo que, pola natureza das prazas ou das funcións a desempeñar, sexa máis adecuada a utilización do concurso-oposición ou concurso.

O TREBEP –art. 61.6 - establece que os sistemas selectivos dos funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición: “*Sólo en virtud de ley podrá aplicarse, con carácter excepcional, el sistema de concurso que consistirá únicamente en la valoración de méritos*”. De este modo, parece que unicamente se restrinxe o emprego do concurso, que é preciso que esté previsto nunha norma con rango de lei.

En relación co persoal laboral fixo, o TREBEP –art. 61.7 - establece que os sistemas selectivos serán os de oposición, concurso-oposición, ou concurso de valoración de méritos. De este modo, non se impón restrición algunha á utilización do concurso, nin se ordena preferencia algunha.

Polo tanto, o concurso oposición é un sistema permitido no TREBEP, sendo ademais, dada a natureza das funcións a desenvolver, e a importancia de valorar as competencias profesio-

nais adquiridas a través da experiencia profesional, un sistema de acceso amplamente utilizado na selección de bombeiros e condutores-bombeiros en outras Administracións locais.

C) En segundo lugar, igualmente na Base décima das Xerais, alega a falta de concreción no sistema de distribución dos temas do temario entre os membros do órgano de selección, afirmando que vulnera o principio de racionalidade e igualdade.

A base décima das xerais, dentro do apartado "Disposicións aplicables a ambos sistemas"; establece que *"Os exames tipo test, deberán elaborarse inmediatamente antes, seguindo o proceso que se indica a continuación, proceso que deberá quedar recollido no acta redactada polo Secretario/a do tribunal:*

- *O cuestionario será determinado polo Tribunal tomando como referencia para súa elaboración, manuais especializados e/ou textos normativos (indicando editorial, autor e ISBN, e/ou no seu caso Diario Oficial de publicación).*
- *Para a elaboración das preguntas, se distribuirán os temas do temario contemplado nas bases específicas correspondentes, entre os membros do órgano de selección. Deberá elaborarse inmediatamente antes do inicio do exercicio.*
- *Tendo en conta o número dos aspirantes presentados, o órgano de selección poderá establecer unha nota de corte, que será comunicada aos opositores antes do inicio da proba, e será publicada na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)*
- *Garantirase o anonimato cos medios técnicos dos que dispón o Concello, en concreto o sistema PLICA de corrección informática ou similar.*

...

*Se o exercicio fose tipo test, deberá referirse aos temas que integran o temario común correspondente ao grupo de titulación da praza que se oferta, se fose de aplicación, e aos temas específicos da convocatoria, incluídos como Anexo nas bases específicas."*

Polo tanto, a redacción das bases, no que respecta á elaboración do test, acota o material a utilizar, a necesaria distribución dos temas entre os membros do tribunal, a obriga de realizalo inmediatamente antes do exame, e que debe incluír os temas do temario común se fose de aplicación e os temas específicos da Convocatoria correspondente.

Entendo que estamos ante unha alegación gratuíta, que non cabe falar de falta de concreción na redacción das bases. As mesmas, son precisas e non conceden ao órgano de selección un marxe de liberdade tal que permita converter o discrecional en arbitrario, vulnerando o principio de igualdade.

D) A terceira alegación, refírese as Bases específicas, impugnando á non inclusión de referencias bibliográficas, afirmando que no establecer una bibliografía para o estudio dos temas, vulnera o principio de igualdade.

Previamente, indicar que as bases específicas de bombeiro e condutor-bombeiro, foron elaboradas a partir das propostas das bases asinadas polas Xefaturas de Seguridade e Mobilidade e Bombeiros que constan no expediente (34733-220).

En relación co principio de igualdade, e a modo exemplificativo, a sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 7ª, Sentencia de 23 Sep.



## Concello de Vigo

2002, Rec. 2738/1998, en cuxo fundamento de Dereito Cuarto, parágrafo segundo, establece:

*“Para dilucidar esta cuestión ha de partirse de la consolidada doctrina jurisprudencial en torno al derecho fundamental de acceso a las funciones públicas en condiciones de igualdad, mérito y capacidad que en ese artículo se consagra. El art. 23.2 CE constituye, sin duda, una especificación del principio de igualdad ante la ley formulado por el art. 14 CE, en cuanto que supone una aplicación de dicho principio al ámbito de las condiciones en que ha de producirse el acceso de los ciudadanos a las funciones y cargos públicos.*

*Tal precepto prohíbe reglas de procedimiento establecidas no en términos generales y abstractos, sino mediante referencias individuales y concretas, lo que implica que todo proceso selectivo no puede estar pensado ya de antemano para propiciar tal acceso a favor de persona o personas concretas, en detrimento de una sana igualdad de condiciones.*

*Obviamente, su aplicabilidad no exige la absoluta prohibición de la diferenciación de trato a diversas categorías de ciudadanos, sino la proscripción de la discriminación entre personas, categorías y grupos, por lo que puede entenderse que quiebra la igualdad cuando la diferenciación no está basada en motivos objetivos y, por el contrario, no resulta violada cuando dicha diferencia tiene una justificación racional y suficiente en relación a la finalidad y efectos de la medida considerada, debiendo darse una relación razonable de proporcionalidad entre los medios empleados y la finalidad perseguida. En fin, dada la necesaria y recíproca relación entre este precepto y el 103-3 de la Constitución, de su juego se desprende que además de la de definición genérica de los requisitos o condiciones necesarias para aspirar a los distintos cargos y funciones públicas, la Constitución impone la obligación de no exigir para el acceso a la función pública requisito o condición alguna que no sea referible a los conceptos de mérito y capacidad de manera que pudieran también considerarse violatorias de dicha igualdad todas aquellas que, sin esas referencias, establezcan una diferencia entre los españoles”.*

Da simple lectura do fragmento da sentenza referida, dedúcese claramente que non establecer unha bibliografía para o estudo dos temas, non supón establecer referencia algunha a favor de persoa ou persoas concretas, nin implica vulneración do principio de igualdade de igualdade de condicións no acceso a función pública, os opositores están na mesma situación, existindo liberdade para estudar e ampliar o temario na forma que consideren oportuna.

E) Nas bases específicas de sarxento extinción de incendios, punto VII, dedicado ao curso selectivo, alegan na que a falta de concreción no tempo que o funcionario estará en prácticas, provoca indefensión.

As bases específicas de sarxento de extinción de incendios, no punto VII “Curso selectivo”, establece concretamente *“De conformidade co previsto na base 14ª das xerais, o/a aspirante aprobado/a, unha vez achegada toda a documentación esixida, será nomeado/a funcionario/a en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación. Deberá superar un curso teórico-práctico de **3 meses** de duración como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario/a de carreira.”*

Polo tanto, si se concreta o tempo máximo de duración do curso selectivo, non producíndose indefensión algunha.

F) Nas bases específicas de bombeiro no punto III, sistema de selección, promoción interna (concurso-oposición), pola falta de motivación técnica da medida, xa que consideran que non é o mesmo a potestade para convocar o ingreso nos Corpos ou Escalas funcionariais polo sistema de promoción interna, que as esixencias sustanciais a que debe acomodarse o exercicio de esa potestade.

Solicitan a eliminación da promoción interna para bombeiro.

As bases xerais e específicas agora impugnadas, son aprobadas para á execución, entre outras da Oferta de Emprego Público 2018, aprobada en sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 23/11/2018 (expte 31180-220), entre as que se incluía 3 prazas de bombeiro por promoción interna. O referido expediente foi sometido á Mesa Xeral de Negociación, celebrada o día 23 de novembro de 2018, en cumprimento do disposto no artigo 37.1 do TREBEP, coa asistencia do Sindicato en cuxa representación se presenta agora o recurso.

Da regulación legal da Oferta de Emprego Público, deriva a obriga de convocar as prazas incluídas na mesma. Así o artigo 70 TREBEP, determina que *„Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso será objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas ...“*).

Non procede agora polo tanto esta alegación, o que cabería impugnar sería o acto administrativo de aprobación da Oferta de Emprego Público de 2018, no que se incluíron as tres prazas de bombeiro por promoción interna. Inclusión que como xa se expuso, foi negociada co sindicato que agora recorre.

G) Nas bases específicas, impugnan o apartado dedicado a Execución, puntuación e outras normas, no que punto que establece: “En todo caso, a presenza de público non permitirá a realización de manifestacións de ánimo, ou aprobación ou desaprobación respecto da actuación dos aspirantes ou do órgano de selección, nin se permitirá a súa gravación por medio audiovisual algún ao poder afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal e a propia imaxe dos intervinientes”.

Alegan que non permitir a utilización de teléfonos móbiles nun acto público pode supoñer un delito de coaccións por impedir unha acción lexítima a un administrado.

A coacción é un delito contra a liberdade das persoas que leva consigo utilizar a violencia para obrigar ao suxeito pasivo a realizar algo en contra da súa vontade ou impedirlle que faga algo que non está prohibido pola ley. Aparece regulado no artigo 172 do Código Penal *“El que, sin estar legítimamente autorizado, impidiere a otro con violencia hacer lo que la ley no prohíbe, o le compeliere a efectuar lo que no quiere, sea justo o injusto.”*

Da simple lectura do precepto referido, parece claro que en modo algún cabe falar que podemos estar ante un delito de coaccións, toda vez que en primeiro lugar, faltaría a violencia, como un dos elementos do tipo delitivo ademais do ánimo tendencial consistente nun desexo de restrinxir a liberdade allea. As cláusulas polas que se retrinxe o uso do móbil durante



## Concello de Vigo

as probas que integran os exercicios dun proceso selectivo son relativamente habituais nas bases reguladoras de procesos selectivos, e en modo algún a finalidade das mesmas é restrinxir a liberdade das persoas, se non ao contrario, interponse por motivos de seguridade, como é o caso, ou ben por ser elementos susceptibles de almacenar información.

H) Se impugna igualmente o punto VII Fase de Concurso, das Bases específicas de Bombeiro e Conductor bombeiro, por entender que non se respeta o principio de igualdade.

Esta alegación perdeu a súa virtualidade como consecuencia da rectificación de erros publicada no BOP nº 206 de 26/10/2020. Así e con respecto ás Bases xerais e específicas OEP 2017, 2018, 2019, primeira fase (expte 36285-220), rectifícase, entre outros:

*“. Nos epígrafes 2 correspondente a Bombeiro e 3 correspondente a Conductor /a Bombeiro, respectivamente; nos apartados VII das Fases de Concurso de ambos:*

*a) O parágrafo: “Será considerado como mérito correspondendo para cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 6 puntos, debe modificarse por: “Será considerado como mérito correspondendo para cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 8 puntos.”*

*b) Debe eliminarse o parágrafo: “Ademáis, en función do emprego acadado como militar profesional de tropa ou marinería na Unidade Militar de Emerxencias, asignarase a seguinte puntuación: 1. Cabo: 0,5 puntos; 2. Cabo 1.º 1 punto; 3. Cabo Maior: 1,5 puntos ; 4. Sarxento: 2 puntos.”*

I) Igualmente nas bases específicas, no punto VIII, “Orde de prelación dos aspirantes. Distribución da puntuación sobre a base 10.

*A puntuación obtida no primeiro exercicio representará o 30 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.”*

Alega que outorgar a unha proba de carácter memorístico a metade da valoración total da oposición, en un profesión como de bombeiro, carece do mais mínimo rigor e vulnera o principio de racionalidade.

Tratase dunha afirmación que non se fundamenta de xeito algún. Entendo que non hai vulneración do principio de adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver, cuxo fundamento último atópase no 34.2 de Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

